



Estimados nais e pais,

Poñémonos en contacto de novo con vós para informarvos das actividades a desenvolver no primeiro trimestre do curso. O obxectivo de organizar estas actividades é fomentar puntos de encontro entre as nais e os pais e fill@s da escola, facendo propostas que, en xeral, non estean recollidas noutros ámbitos sociais (bibliotecas, concellos, asociacións, etc). Precisamos da vosa colaboración, tanto como de asistentes ás actividades como de colaboradores ou monitores dos diferentes obradoiros nos que poidades achegar o voso gran de area desde a vosa experiencia ou habilidade particular.

A ANPA, tendo en conta as preferencias sinaladas nas enquisas, quere propoñervos as actividades a realizar nos meses de outubro, novembro e decembro deste ano. Unha vez concretadas as datas das actividades de novembro e decembro, avisarémovos das mesmas coa antelación suficiente para poder anotarvos (aproximadamente a finais de novembro e mediados de decembro, respectivamente).

**a) "Maratón de contos"**

**Contido:** Todos os pais e nais que se animen a contar un conto da maneira que consideren máis oportuna, deixando voar a súa imaxinación, ou simplemente da maneira que vos guste contarlllo ao voso fillo. Admítense todas as propostas.

**Data:** Sábado 27 de outubro, ás 11:30 h.

**Lugar:** No propio centro escolar.

**Requisitos:** Traede o conto preferido do voso fillo (ou calquera outro), gañas de pasalo ben e ánimo para participar e ilusionar aos nenos e nenas.

**b) "Coa comida si se xoga"**

**Contido:** Obradoiro de cociña.

**Data:** A determinar (mes de novembro).

**Lugar:** Por determinar.

**Requisitos:** Mandilón, prato e os ingredientes necesarios, que xa vos confirmaremos co debido tempo. Gañas de pasalo ben.

**c) "Obradoiro de manualidades de Nadal"**

**Contido:** Realización de adornos relacionados co Nadal, postais, aprendizaxe de panxoliñas e outras actividades que propoñades.

**Data:** A determinar (na primeira ou segunda semana de decembro).

**Lugar:** A determinar.

**Requisitos:** Por concretar. Enviaremos información máis concreta antes da actividade.

Para apuntarse ás actividades, por favor, cubride o cuestionario que atoparedes na web: <http://www.edu.xunta.es/centros/eeianxeles>. Tamén podedes entregar o formulario que a continuación se adxunta no Centro.

Recordade que para facer fronte aos gastos derivados das actividades, a ANPA só dispón das achegas a través das cotas dos asociados, que ascenden a 12 € por ano e familia. Entendemos que para acudir a estas actividades, en xeral de balde, as familias teñen que estar asociadas á ANPA. O número de conta en Novagalicia Banco da ANPA "Rosalía de Castro" é **2080-0327-46-3000056520**. Por favor, para facilitar o noso control, indicade no momento do ingreso o nome e apelidos do neno ou nena no concepto da transacción.



Asemade propoñemos unha actividade organizada pola asociación ecoloxista ADEGA: a "**Feira de Outono na eira da Xoana**"

**Contido:** Actividade organizada pola asociación ecoloxista ADEGA, haberá postos de artesanía (cerámica, cestería, etc) e produtos da terra (queixos, mel, embutidos, hortalizas, etc), con algunha demostración sorpresa dos nosos artesáns.

Haberá xantar para gozar do día na Eira da Xoana (callos, polbo e outras viandas). Obradoiros e música.

**Data:** 28 de outubro, a partir das 11 h.

**Lugar:** Eira da Xoana, en Ramil, Concello de A Golada, a 3,5 km do Castelo de Pambre e a 13 km da Vila de Melide (Detalles para chegar: [http://eiradaxoana.blogaliza.org/?page\\_id=117](http://eiradaxoana.blogaliza.org/?page_id=117)).

**Requisitos:** Gañas de pasalo ben.

**Máis información:** <http://eiradaxoana.blogaliza.org/>



---

## **Confirmación de asistencia ao Obradoiro Maratón de Contos Sábado, 27 de outubro de 2012**

Nome e apelidos do nen@: .....

¿Van participar as nais e/ou os pais contando un conto?  Si  Non

Por garantir unha mellor organización, indicade o título do conto se vos é posible:

Tfno. de contacto e/ou mail: .....

Propostas para as actividades/manualidades a realizar noutros obradoiros do trimestre (inclúide se podedes participar como monitores/colaboradores e os materiais que se precisarían, en caso que o vexades oportuno).

.....  
.....  
.....  
.....  
.....

*Por favor, unha ver cuberto, entregádeo na Escola o antes posible para poder acondicionar o espazo, xa que o aforo é limitado. Podedes tamén poñervos en contacto connosco en persoa ou por correo electrónico [anpa.osanxeles@gmail.com](mailto:anpa.osanxeles@gmail.com)*